Concello de AMES

CONTRATO PARA EXECUCIÓN DA OBRA PARQUES BIOSALUDABLES EN BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO. PAS 2015

Na Casa do Concello de Ames a 5 de maio de 2017,

R E Ú N E N S E:

Dunha parte don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria accidental da Corporación dona Concepción Vilas Cantelar, en execución dun acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de abril de 2017.

Doutra parte don José Antonio Armesto Herbella, con NIF 34259828-V, actuando en representación da empresa LAPPSET ESPAÑA V.R, SL (poder notarial número mil setecentos corenta e tres de protocolo de Rocio Maestre Cavanna, notaria de Montcada I Rexac e do ilustre Colexio Notarial de Cataluña), con CIF B-60961554 e domicilio social no Polígono Industrial La Ferreria, rúa Cerámica 2 no Concello de Montcada I Rexac en Barcelona.

Constitúe o obxecto da presente reunión a formalización do contrato das obras ao comezo indicadas e ao obxecto establecen as seguintes

C L ÁU S U L A S:

1ª.- O Concello de Ames adxudica a LAPPSET ESPAÑA, V.R, SL con CIF B-60961554 a realización das obras de parques biosaludables en Bertamiráns e Milladoiro no prezo de dezaseis mil cincocentos oitenta e oito euros e doce céntimos **(16.588,12.- Euros)** , máis o IVE correspondente ao 21% que ascende a contía de tres mil catrocentos oitenta e tres euros e cincuenta e un céntimos **(3.483,51.- €)** de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudictario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **829,41**- Euros, mediante aval bancario de "Banco Sabadell, SA" inscrito no rexistro oficial de avais co número de rexistro 10001079261.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria accidental, certifico.

O ALCALDE,-

A SECRETARIA ACCIDENTAL,-

O CONTRATISTA,-

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925